



I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Para os efectos oportunos, publícase o acordo adoptado na Xunta de Goberno da Deputación de Ourense, realizada na sesión ordinaria do día 23 de outubro de 2023, polo que se aprobaron as bases e a convocatoria do I Concurso Provincial contra a Violencia de Xénero, dirixido a centros educativos de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional de grao medio, con suxeición ás seguintes cláusulas:

Primeira. Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto regular o proceso de concesión do I Concurso Provincial contra a Violencia de Xénero, con ocasión da celebración, o día 25 de novembro de 2023, do Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

A finalidade do concurso é fomentar valores de igualdade e crear conciencia da propia existencia de violencia de xénero e as súas múltiples manifestacións no contorno próximo, así como facer protagonistas deste día os e as potenciais concursantes e a súa capacidade individual de crear conciencia fronte a esta secuela social e ser sensibles á detección de formas de violencia.

Segunda. Modalidades e lema

Poderase optar a dúas modalidades:

Modalidade 1.ª: debuxo, fotografía ou viñeta.

- Categoría 1.ª: educación infantil, primaria e educación especial

- Categoría 2.ª: educación secundaria obrigatoria, bacharelato e/ou formación profesional de grao medio

Modalidade 2.ª: microrrelato, redacción escrita ou podcast

- Categoría 1.ª: educación infantil, primaria e educación especial

- Categoría 2.ª: educación secundaria obrigatoria, bacharelato e/ou formación profesional de grao medio

Modalidade 3.ª: vídeo curto para redes sociais

- Categoría: única

Todas elas deberán ter en conta para a súa creación algún dos dous temas propostos;

1.º tema: o lema: “Isto tamén é violencia de xénero e eu non calo”.

2.º tema: Parque da Igualdade da Deputación de Ourense, situado en Cachamuña (O Pereiro de Aguiar).

As obras/traballos poderán estar realizados en calquera material e usar calquera técnica. Deben ser orixinais e da propia autoría da persoa que os asina.

Poderán ser presentadas nos seguintes formatos:

1. Na categoría de debuxo/fotografía/viñeta: presentaranse ou ben en formato físico, tamaño A4, ou ben en soporte electrónico con tecnoloxía compatible á súa visualización en contorno Windows.

O seu autor ou autora poderá entregar o seu traballo/obra remitíndoo por correo electrónico a: nonaviolencia@d pou.es

Ou ben entregándoa no Rexistro da Deputación de Ourense; neste caso, e de tratarse dunha obra/traballo soportada en formato electrónico, entregarase nun lapis de memoria, CD, DVD e achegaranse, no seu caso, as aplicacións reinstaladas para permitir a correcta visualización sen instalación do disco.

2. Na categoría de microrrelato/redacción/podcast: poderán presentarse en formato físico ou virtual. En caso de formato físico, terá unha extensión máxima de 7 folios de tamaño A4 a unha soa cara, letra arial 12. De presentarse en formato vir-

tual, poderá remitirse ou ben ao correo electrónico nonaviolencia@d pou.es, ou ben se entregará no Rexistro da Deputación de Ourense e soportarse nun lapis de memoria, CD, DVD e achegarás, no seu caso, as aplicacións reinstaladas para permitir a correcta visualización sen instalación do disco.

No caso de presentar obra de podcast, o tempo máximo de duración será de 15 minutos.

3. Na categoría vídeo curto para redes sociais: terá formato Reel de Instagram ou Tiktok e lerase baixo o cancelo #istotame-neviolenciaenocalo, ou ben #parquedeigualdadedeputacion-deourense, segundo o tema sobre o que verse o vídeo curto.

As obras/traballos deberán presentarse debidamente identificados co nome da obra, modalidade e categoría á que opta, autoría, idade do/a autor/a, centro escolar do alumno/a, así como teléfono de contacto.

Terceira. Participantes

Poderán participar os e as estudantes dos seguintes niveis educativos:

- Educación infantil, educación primaria, educación especial, educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional de grao medio que cursen estudos en calquera centro escolar da provincia de Ourense.

As obras serán presentadas de forma individual polo alumno/a, ou de forma colectiva a través dos seus centros educativos; en calquera destes casos, farase cubrindo o formulario normalizado que se facilitará a través da páxina web da Deputación de Ourense.

No caso das obras/traballos presentados de forma individual, estes contarán co apoio dos centros escolares, que subscribirán os traballos a modo de recoñecemento da pertenza do alumno ou alumna autor/a ao seu centro educativo.

Cada participante poderá presentar a súa obra/traballo orixinal a unha soa modalidade.

En todo caso, débese contar coa autorización dun ou dunha representante legal maior de idade (proxenitor/a ou titor/a legal) nos casos de menores de idade. O centro escolar, no caso dos traballos/obras que presente colectivamente as obras/traballos do seu alumnado asegurará que esta autorización estea recollida, debidamente asinada, e indicará no mesmo formulario de inscrición que se conta con ela.

Cuarta. Prazo

O prazo para presentar os traballos finalizará o día 16 de novembro de 2023.

Quinta. Xurado

O Xurado do I Concurso Provincial contra a Violencia de Xénero estará constituído por:

- Presidenta/e (ou persoa en quen esta/e delegue): o presidente da Deputación de Ourense.

- Vicepresidenta/e (ou persoa en quen esta/e delegue): deputada provincial de Igualdade da Deputación de Ourense.

- Vogais:

- Director da Área de Benestar da Deputación de Ourense ou persoa en quen este delegue.

- Un/unha representante de cada un dos grupos políticos con representación no Pleno, que serán designados/as por cada grupo.

- Secretaria: actuará como secretaria de actas, con voz pero sen voto, a adxunta á Dirección da Área de Benestar da Deputación de Ourense.

A decisión será adoptada por maioría simple entre os/as membros que compoñen o Xurado, que serán igualmente os e as responsables de interpretar estas bases cando sexa preciso. O

veredicto do xurado será inapelable, as deliberacións secretas e redactarase unha acta das súas reunións.

O veredicto publicaráse a través da páxina web da Deputación de Ourense e mencionaráse o autor/a, o título da obra/traballo e o centro educativo ao que pertence.

Sexta. Criterios de selección de traballos

Para a cualificación dos traballos/obra presentados, teranse en conta:

- Adecuación da obra/traballo ao “tema” elixido entre os propostos nestas bases.

- Orixinalidade e creatividade da obra/traballo.

- Capacidade de impacto potencial do traballo e a súa mensaxe no contorno.

Sétima. Premios

Os premios, para cuxa concesión se contou coa colaboración dos balnearios da provincia de Ourense, serán os seguintes:

Premio(s) á Anticipación: recibirán un premio as primeiras 30 obras/traballos que se presenten a este premio e cumpran as características definidas nestas bases para a presentación da súa obra/traballo. O premio consistirá na entrega dun bono de acceso a piscinas termais, para dúas persoas, que se gozará nalgún dos balnearios da provincia de Ourense.

Premios á Autoría: serán seleccionados os mellores traballos de cada modalidade e categoría, aos que lles será entregado un bono termal fin de semana, para ser gozado por dúas persoas nalgún dos balnearios da provincia de Ourense.

A entrega de premios terá lugar durante un acto institucional presidido polo presidente da Deputación de Ourense.

Os premios entregaráselle ao autor ou autora da obra premiada.

Premio á Dinamización do Centro Escolar. Seralle entregado un lote de libros/material escolar ao centro educativo ao que pertence o alumno ou alumna que reciba o “Premio á Autoría”.

Oitava. Difusión e propiedade dos traballos/obra

A participación neste concurso leva implícita a cesión gratuíta da obra/traballo á Deputación de Ourense para a súa reprodución, edición e comunicación dos traballos/obra presentados, así como outorgar a posibilidade de gravar en audio ou vídeo e de fotografar o acto de entrega e o seu uso en calquera exposición que posteriormente se poida realizar.

Contra este acordo, poderá interpoñerse, potestativamente, un recurso de reposición ante a Xunta de Goberno desta deputación, no prazo dun mes, ou, alternativamente e de forma directa, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense (ou outro que resultase territorialmente competente, en aplicación das regras establecidas no artigo 14 de la Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), no prazo de dous meses. En ningún caso, poderán simultanearse ambos os recursos.

Os prazos computaranse de data a data, a partir do día seguinte ao da publicación, e vencerán no día equivalente do mes natural seguinte ou, de non existir este, no último día do dito mes. No caso de que o día de vencemento sexa inhábil, entenderase prorrogado o dito prazo ao primeiro día hábil seguinte.

Durante o mes de agosto non contará o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo, salvo para o procedemento para a protección dos dereitos fundamentais, no que o mes de agosto terá carácter de hábil.

Non obstante o anterior, poderá interpoñer calquera outro recurso ou acción administrativa ou xudicial que considere procedente.

Ourense, 24 de outubro de 2023. O presidente.

Asdo.: Luis Menor Pérez.

Diputación Provincial de Ourense

A los efectos oportunos, se publica el acuerdo adoptado en la Junta de Gobierno de la Diputación de Ourense, realizada en la sesión ordinaria del día 23 de octubre de 2023, por el que se aprobaron las bases y la convocatoria del I Concurso Provincial contra la Violencia de Género, dirigido a centros educativos de educación infantil, primaria, secundaria obligatoria, bachillerato y formación profesional de grado medio, con sujeción a las siguientes cláusulas:

Primero. Objeto

Las presentes bases tienen por objeto regular el proceso de concesión del I Concurso Provincial contra la Violencia de Género, con ocasión de la celebración, el día 25 de noviembre de 2023, del Día Internacional contra la Violencia de Género.

La finalidad de concurso es fomentar valores de igualdad y crear conciencia de la propia existencia de violencia de género y sus múltiples manifestaciones en el entorno cercano, así como hacer protagonistas de este día a los y las potenciales concursantes y a su capacidad individual de crear conciencia frente a esta lacra social y ser sensibles a la detección de formas de violencia

Segunda. Modalidades y lema

Se podrá optar a dos modalidades:

Modalidad 1.ª: dibujo, fotografía o viñeta

- *Categoría 1.ª: educación infantil, primaria y educación especial*

- *Categoría 2.ª: educación secundaria obligatoria, bachillerato y/o formación profesional de grado medio*

Modalidad 2.ª: microrrelato, redacción escrita o podcast

- *Categoría 1.ª: educación infantil, primaria y educación especial*

- *Categoría 2.ª: educación secundaria obligatoria, bachillerato y/o formación profesional de grado medio*

Modalidad 3.ª: vídeo corto para redes sociales

- *Categoría: única*

Todas ellas deberán tener en cuenta para su creación alguno de los dos temas propuestos;

1.º tema: el lema: “Esto también es violencia de género y yo no me callo”.

2.º tema: Parque de la Igualdad de la Diputación de Ourense, ubicado en Cachamuña (O Pereiro de Aguiar).

Las obras/trabajos podrán estar realizados en cualquier material y usar cualquier técnica. Han de ser originales y de la propia autoría de la persona que los firma.

Podrán ser presentadas en los siguientes formatos:

1. En la categoría de dibujo/fotografía/viñeta: se presentarán o bien en formato físico, tamaño A4, o bien en soporte electrónico con tecnología compatible a su visualización en entorno Windows

Su autor/a podrá entregar su trabajo/obra remitiéndolo por correo electrónico a: nonaviolencia@dpou.es

O bien entregándolo en el Registro de la Diputación de Ourense; en este caso, y de tratarse de una obra/trabajo soportada en formato electrónico, se entregará en un lápiz de memoria, CD, DVD y se aportarán, en su caso, las aplicaciones reinstaladas para permitir su correcta visualización sin instalación del disco.

2. En la categoría de microrrelato/redacción/podcast: podrá presentarse en formato físico o virtual. En caso de formato físico, tendrá una extensión máxima de 7 folios de tamaño A4, a una sola cara, letra arial 12; de presentarse en formato virtual, podrá remitirse o bien a la dirección electrónica nonaviolencia@dpou.es, o bien se entregará en el Registro de la Diputación de Ourense, y se soportará en un lápiz de memoria, CD, DVD y